

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de marzo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental María Baza Poudereux, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para a construción de almacén para garda de útiles de labranza e produtos cultivados en réxime de autoconsumo en Corral de Abaixo, Pías. (exp. 2020/Y001/000298) para variacións da distribución interior e da posición inicial da escaleira, como consecuencia da comprobación de menores dimensións tras a realización dos traballos de demolición e baleirado do interior, como modificación do proxecto de rehabilitación e reforma de edificación existente para unha vivenda con licenza 254/18, sita na rúa Recanto do Miño, 17. (exp. 2021/Y001/000338); para a modificación da rampla actual modificando pendentes e sistema construtivo para acceso ao garaxe e consolidación do seu acceso por rúa do Progreso, 20, (exp. 2021/Y001/000275) e para ampliación de vivenda unifamiliar no núcleo rural 2.1 Curral, parroquia de Albeiros. (exp. 2021/Y001/00036).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da xunta de compensación da Unidade de Actuación Centro Sur-15 do PXOU de 1990 (URPI-42 do PXOM vixente).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBRNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación das obras de conservación das oficinas de intervención sitas na Casa Consistorial. exp. ref. 2021/C002/000061.

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Plan de sinalización horizontal da cidade de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6995906483136041898.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-3-2022

Lugo. ano 2022" e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2022-C002-000004.

Tamén se acorda a anulación do acordo da Xunta de Goberno Local do 12/177, do 23 de marzo, relativo á contratación do servizo de elaboración e distribución de almorzo e xantar así como atención e apoio durante o dito servizo levados a cabo pola concellería de educación nos Ceips de Lugo. Nova aprobación da contratación. exp. ref. 2022/C003/000003.

Así mesmo, acordase a adxudicación na contratación da subministración de estrutura modular flotante para Concello de Lugo. exp. ref. 2021-C004-000037.

Acórdase a adxudicación da contratación do servizo de deseño, produción e execución de accións de difusión, información e publicidade dentro da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (Edusi) "muramiñae: da Muralla ao Miño" cofinanciable nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) no marco do programa operativo plurirrexional de España Feder 2014-2020. exp. ref. 2021/c003/000045.

Acórdase o procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no arde lucus 2022 prorrogable para os anos 2023, 2024 e 2025. exp. ref. 2022-C005-000006.

4. PERSOAL.- Acórdase a cobertura temporal en comisión de servizos do posto de celador/a do Ceip das Mercedes do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2022-2023.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. SERVICIOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación da convocatoria de subvencións a OND para a adxudicación de subvencións a proxectos de cooperación ao desenvolvemento e a proxectos de sensibilización social no termo do Concello de Lugo, autorización do gasto e aprobación das bases xerais reguladoras da convocatoria. (orçamento ano 2022).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.